

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
12 novembro 2017

**Non deixes que a Súa chamada sexa “perdida”,
ten á man o CARGADOR da ORACIÓN.**

1. VER: “Tes unha chamada perdida”.

- Co móbil estamos sempre conectados para saber dos nosos familiares e amigos. Poñémonos ao día con fotos, mensaxes, vídeos...
- Claro que a batería pode facernos unha mala xogada, esquecémonos de cargala e quedamos incomunicados. E pode suceder algunha vez que, tras un momento co móbil apagado, descubrimos que debemos ter unha “chamada perdida” importante.

Pasouche iso algunha vez? Era importante?

2. XULGAR: Non deixes que a chamada de Xesús sexa perdida.

- No evanxeo deste domingo, Xesús cóntanos que **un señor fixo unha invitación a unha festa. Para entrar había que levar** aceite suficiente na lámpada para non quedar ás escuras. **Cinco rapazas** levaban as lámpadas cheas de aceite, e entraron. Pero as outras cinco despistáronse e ían xa na reserva..., quedaron fóra porque as súas lámpadas xa non iluminaban. Perdéronse a festa.

+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1.Xesús chámanos constantemente:

- **Quere comunicarse connosco**, vivir con el é unha festa constante de ledicia.

2. A Súa chamada pode ser unha “chamada perdida” se esquecemos o **cargador da oración** enchufado á Palabra de Deus. Sen el a fe debilítase e esquecémonos de Xesús.

Dialogamos cos nenos:

-*Que é orar?* Falar con Xesús, escoitalo, intimar con el?

-*Como orar?* Con frases espontáneas como: pídoche, douche grazas, ofrézoche... Co Noso Pai, Gloria, Eu confeso? Escoitando a súa palabra no evanxeo...

-*Con quen orar?* Sos en silencio deixando falar o corazón, cos papás antes de comer ou en calquera momento, cos amigos, coa comunidade...

-*Cal é a mellor oración?* A que vos ensinou Xesús do Noso Pai. E a oración composta de oracións que é a eucaristía.

-*Cando orar?* En moitos momentos, e facer da nosa vida unha oración.

Como é a túa oración? En que melloralas?

3. ACTUAR: Ten á man o cargador da oración.

- Vive sempre alegre, de festa permanente, porque Xesús vai contigo.

-Acode cada domingo a encherte da luz, forza e graza de Xesús.

-Enchúfate á súa Palabra, conéctate: pídelles ao catequista que che fale da biblia e que che explique que Deus séguenos falando a través dela. Bicamos a Biblia.

-Conéctate cada día con Xesús co cargador da oración, falade en familia como melloralas e en que momentos.

Que estás disposto/a a facer? E no grupo?

LECTURAS

- **Sabedoría 6, 1-12: *Os que buscan a sabedoría atópana.***

Radiante e perenne é a sabedoría, vena con facilidade os que a aman e os que a buscan atópana. Adiántase en manifestarse aos que a desexan. Quen madruga por ela non se cansa, pois atópa a sentada á súa porta. Meditar sobre ela é prudencia consumada e o que vela por ela axiña se ve libre de preocupacións. Pois ela mesma vai dun lado a outro buscando os que son dignos dela; abórdaos benigna polos camiños e sáelles ao encontro en cada pensamento. *Palabra do Señor.*

- **Salmo 62: R/. *A miña alma está sedenta de ti, Señor, meu Deus.***

- **1ª Tesalonicenses 4,13-18:**

Deus levará con el, por medio de Xesús, aos que morreron.

•Mateo 25,1-13: Que chega o esposo, saíde ao seu encontro!

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

Xesús: «Parecerase o reino dos ceos a dez virxes que tomaron as súas lámpadas e saíron ao encontro do esposo. **Cinco delas eran necias e cinco eran prudentes.** As necias, ao tomar as lámpadas, non se proveron de aceite; en cambio, as prudentes leváronse aceiteiras con aceite coas lámpadas. O esposo tardaba, pegoulles o sono a todas e durmíronse. Á medianoite oíuse unha voz:

Voz: “Que chega o esposo, saíde ao seu encontro!”.

Narrador: Entón espertáronse todas aquelas virxes e puxéronse a preparar as súas lámpadas. E as necias dixeron ás prudente:

Necias: - *“Dádenos do voso aceite, **que se nos apagan as lámpadas**”.*

Narrador: Pero as prudentes contestaron:

Prudentes: - *Non vaia ser que non chegue para nós e para vós, mellor é que vaiades á tenda e o merquedes para vós.*

Narrador: Mentres ían mercalo, chegou o esposo, e as que estaban preparadas entraron con el ao banquete de vodas, e pechouse a porta. Máis tarde chegaron tamén as outras virxes, dicindo:

Necias: - *Señor, señor, ábrenos.*

Xesús: Pero el respondeu:

Noivo: - *“En verdade vos digo que non vos coñezo”.*

Xesús: *Xa que logo, velade, porque non sabedes nin o día nin a hora».*

Palabra del Señor.

(Narrador-Xesús-Voz-Necias-Prudentes-Noivo).